

Prazas de persoal asesor na Consellería, SFP, CFR e CAFI

A CIG Ensino mostrou a súa indignación no transcurso da mesa xa que o Director Xeral de Formación Profesional abandonouna sen ter tratadas as ordes da súa incumbencia.

Aspectos comúns ás dúas convocatorias

Ambas convocatorias chegan tarde un ano máis, consideramos que debe traerse á mesa sectorial **antes do mes de xuño** de forma que as persoas que desexen presentarse ás prazas conten con tempo suficiente para a elaboración dos proxectos.

A CIG-Ensino considera que, en aras dunha maior transparencia e operatividade, a Consellería ten que elaborar unha **listaxe de postos de persoal asesor** da Consellería e de Formación. É imprescindible saber que prazas están cubertas, desde cando, que persoas asesoras superaron os 6 anos e deben presentarse de novo en caso de querer continuar no posto e en que asesorías hai vacantes. Ano tras ano, facemos esta petición á Consellería que se nega por sistema; esta actitude delata unha evidente falta de transparencia.

Para evitar a sospeitosa libre designación, propoñemos que se confeccione unha listaxe de substitucións para estes postos

Observamos unha elevada oferta de prazas relacionadas coas linguas estranxeiras, as TIC ou de orientación educativa; pola contra **son escasas as relacionadas coa lingua galega**; xa están cubertas en anteriores convocatorias ou simplemente non forman parte das prioridades nas liñas de actuación da Consellería?

Ao fío desta reflexión, **solicitamos que se cren prazas nos diferentes CFRs relacionadas coa normalización lingüística**, tan necesaria dez anos despois dun Decreto de Plurilingüismo que non fixo máis que abocar á progresiva perda de usos e de falantes da nosa lingua.

Insistimos en que se debe **eliminar a entrevista** en ambas convocatorias xa que só serve para afondar na subxectividade á que xa se presta o propio proxecto.

Tamén se fai alarde de total subxectividade ao recorrer ao sistema de **nomeamento a dedo** en caso de prazas non cubertas. Esta

sospeitosa libre designación debe deixar de ser unha práctica habitual. Propoñemos que se confeccione unha **listaxe de substitucións** para estes postos e, no caso de que as listaxes non foran suficientes, esiximos transparencia e publicidade, contando como mínimo co control sindical no caso de nomeamentos en comisión de servizos. En calquera caso, un nomeamento destas características ten que ser extraordinario e por un prazo improrrogábel de 1 curso; as prazas cubertas por este sistema deben ofertarse na convocatoria do seguinte curso.

A CIG-EnsinO considera que é necesaria a **publicación dos criterios de avaliación anual** para saber se a persoa asesora vai continuar ou non no seu posto. **A decisión de renovación non pode ser arbitraria**

nin estar supeditada á mera opinión dos responsábeis políticos da Consellaría.

No caso da convocatoria de asesorías de formación nin sequera se menciona quen vai realizar esa avaliación (artigo 9.3). Na orde de persoal asesor da Consellaría (artigo 8.2) indícase que será realizada por “unha comisión coa mesma composición da comisión de selección”. A esta pode asistir co voz e sen voto unha persoa en representación dos sindicatos que forman parte da mesa sectorial. Entendemos que **a Consellaría está incorrendo no incumprimento dunha norma na medida en que, por sistema, non convoca á parte sindical.**

En ambas convocatorias, os proxectos son puntuados en exceso, a nota mínima debería

ser de 2 puntos no canto de 3. Esiximos a mención explícita dos criterios de avaliación que se aplicarán nes proxectos, o profesorado aspirante verase favorecido á hora de elaboralos. A CIG-EnsinO considera que, en calquera caso, **os proxectos deben ser presentados en lingua galega.**

As comisións de selección deben estar integradas por docentes especialistas e non exclusivamente por cargos político-administrativos. Nas dúas convocatorias, cando se fai alusión á presenza dun ou dunha representante sindical nas posibles subcomisións, indícase que se “poderá nomear” ou que “poderán asistir”. Desde a CIG-EnsinO sempre mostramos a nosa dispoñibilidade de asistir a estas subcomisións das que nunca recibimos convocatoria.

Débese eliminar a entrevista en ambas convocatorias xa que serve unicamente para afondar na subxectividade

Consideramos que os **criterios de desempate** deben seguir a seguinte orde: antigüidade, formación e finalmente o proxecto. Nas convocatorias, aparece en primeira instancia a entrevista, o que favorece a subxectividade no momento de decantarse por unha persoa ou outra para unha praza determinada.

En canto á presentación de solicitudes, consideramos que se debe dar a posibilidade presencial ou telemática a elixir polas persoas aspirantes.

Asesorías de dirección de centros de formación dos CFRs e asesorías do SFP, CAFI e CFRs

Artigo 3. Este artigo debería eliminarse e trasladar os perfís mencionados (sólida formación científica, dominio de tecnoloxías, coordinación de grupos, etc.) ao apartado de requisitos acompañados da titulación que demostre obxectivamente tales “perfís”. En consecuencia deberíanse modificar os anexos e, en caso de deixar perfís xenéricos que sirvan de orientación a quen queira presentarse, engadir outra columna de “requisitos” claros e obxectivos.

Anexo II

Solicitamos que todas as **prazas** sexan **abertas a todos os corpos**.

Solicitamos información sobre a praza de **Bibliotecas escolares** que aparece no borrador sen referencias de perfil nin corpos, ten relación coa asesoría de “Bibliotecas escolares” ofertada na orde de asesorías da Consellería (posto nº13)?

Na **asesoría de SFP** (servizo de formación do profesorado) inclúese un fragmento de texto en castelán.

A **área artística e deportiva** debe dividirse en dúas asesorías diferentes, non parece que teñan moito en común ambas disciplinas como para ser responsabilidade da mesma persoa asesora.

Tendo en conta o importante aumento de plans de **formación en centros**, que valoramos de xeito positivo, demandamos o incremento de prazas ofertadas nos CFRs. A **carga de traballo** que sosteñen algunhas asesorías neste momento fai que non poidan realizar de xeito efectivo o seu traballo coa

repercusión que isto supón no funcionamento da formación do profesorado.

Baremo.

Solicitamos que se elimine o apartado 1.2 referido á **condición de “catedráticos”** porque non vemos a relación que ten co desempeño dunha asesoría. De manterse, esiximos, de novo a corrección da linguaxe sexista como xa fixemos na pasada mesa sectorial.

En canto ao apartado 2.2. cremos que se debe incrementar a impartición de **cursos** relacionados coa praza á que se opta. **Débase pasar de 0,15 a 0,2 por cada 10 horas.**

O apartado 3 relativo á **experiencia na xestión educativa débese eliminar.**

Unicamente tería sentido esta puntuación para prazas relacionadas directamente coa función directiva ou a organización escolar e a diversidade.

No apartado 4 debe incrementarse a puntuación da antigüidade de 3 a 6 puntos e computar 0,5 puntos por ano traballado en lugar de 0,20.

Asesorías na Consellería

Desde a CIG-EnsinO advertimos que **os perfís das prazas carecen de unidade de criterio**, en certos casos requírense coñecementos informáticos ou de lexislación pero non se específica como se van avaliar. Nunha mesma columna de “requisitos” indícase que se “valorará o coñecemento de linguas estranxeiras” como é o caso do posto nº1 e o mesmo ocorre no posto 12 no que consta que se valorará o coñecemento en materia de dereito internacional público; non é o mesmo “valorar” que “requirir”. Demandamos que se revise a redacción destes requisitos no sentido indicado para as prazas de asesorías

de formación **distinguindo claramente entre perfís e requisitos.**

Chaman a atención certas asesorías como a de emprendemento no sistema educativo que parece máis relacionada co mundo da empresa que co de educación.

Aínda que na maioría das prazas se esixe a condición de funcionario/a de carreira, hai algúns casos nos que non se explicita como os postos 7 e 8. Trátase dun erro?

Entendemos que **as prazas se deben abrir a todos os corpos**; por exemplo a praza 15 aparece restrinxida a mestras e profesorado de secundaria, non entendemos por que non poden acceder a ela o persoal docente de Réxime Especial. Outro tanto ocorre coa praza de calidade educativa (posto 22) ou da praza de museística pedagóxica (posto 25).

Nalgunhas prazas indícase como requisito *“ter sido membro do equipo de formación nos plans de formación permanente do profesorado”* (prazas 18 e 19, por exemplo).

Entendemos que se refire aos **plans de centro educativo** e non ao desenvolvemento de asesorías na Consellería; de ser así, debería aclararse para evitar que produza un efecto disuasorio á hora de querer presentarse algunha persoa que non fose asesora previamente.

Parece estraño que unha **praza de coordinación da formación para a**

inspección educativa vaia dirixida a funcionariado do corpo de PES ou de FP e non se inclúa precisamente ao corpo de inspección. No mesmo sentido, a praza de Asesoría de ensinanzas de Réxime Especial (posto 27) ábrese tamén a profesorado de ensino secundario. Insistimos en que todas as prazas deben abrirse a todos os corpos ou cando menos, manter un mínimo de coherencia e lóxica.

Certas prazas gardan relación coa formación do profesorado, como é o caso do de formación para a inspección educativa ou a de formación ao longo da vida (posto 24 e posto 28); porén aparecen dentro da convocatoria de asesorías da Consellería no canto de facelo na de formación. Obedece isto a algunha redistribución da Consellería que non coñecemos?

Baremo

No apartado 1, débese incrementar a puntuación total por servizos prestados de 5 a 6 puntos en coherencia co que solicitamos na orde de asesorías de formación.

No apartado 3.2. a impartición de cursos debe puntuarse 0,2 puntos por cada 10 horas. Débese suprimir o apartado 4 referido a méritos por postos na Administración porque supón un agravio comparativo para aquelas persoas que nunca desempeñaron este tipo de postos e non achega nada especialmente relevante ou meritório.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal